

O racionalismo moderno e os seus caracteres.

A importancia da razón.

As dúas correntes filosóficas máis destacadas da Modernidade: Racionalismo e Empirismo, coincidirán en situar o interese principal das súas investigacións filosóficas no tema do coñecemento (gnoseoloxía).

O Racionalismo moderno é unha corrente propia da Europa continental; iníciase con Descartes e continúa con Spinoza e Leibniz. Os rasgos fundamentais que definen esta corrente son: a plena confianza na razón humana, a búsqueda dun novo método e a matematización da realidade.

a) Plena confianza na razón humana.

A razón (fronte aos sentidos) é a única facultade que pode conducir ao home cara ao coñecemento da verdade. O seu poder consiste en extraer de se mesma, e ao marxe da experiencia, as verdades primeiras e fundamentais, captadas pola intuición, a partir das cales é posible obter por dedución todas as demais. Estas primeiras verdades fundamentais, sobre as que se asenta todo o edificio do saber son as denominadas *ideas innatas*.

Os racionalistas, especialmente, Descartes, cren na existencia de ideas innatas, isto é, de ideas que teñen a súa orixe no mesmo pensamento, independentemente de calquera experiencia. O *innatismo* é o punto central da teoría do coñecemento cartesiana. Para Descartes, son ideas innatas os primeiros principios do entendemento, como o principio de identidade ($A=A$), os conceptos matemáticos (como o de *infinito*) e algunhas ideas metafísicas, como a idea de *causa* ou a de *substancia*, e tamén, a idea de *Deus*.

O empirismo criticará o innatismo da razón, xa que afirmará que todas as ideas da nosa mente proceden da experiencia. E, polo tanto, non poden existir ideas na nosa mente antes de calquera percepción externa ou interna.

b) Búsqueda dun novo método.

Unha vez recoñecido o valor da razón, é necesario contar cun método axeitado de razoamento. O modelo será o *método matemático*, pois, os racionalistas pretenden obter un sistema filosófico que posúa a mesma evidencia e certeza dun sistema matemático.

c) Matemáticas e realidade.

O Racionalismo non só toma da ciencia matemática o método, senón que Descartes adoptará tamén o *mecanicismo* como visión da realidade. O mundo é concebido como unha máquina e para explicalo non necesitamos dos sentidos. Abonda con reducir todos os fenómenos naturais aos seus aspectos cuantificabeis: que se podan medir e reducir a fórmulas matemáticas (p.e. peso, volume, velocidade, etc.).

Este labor de matematización da realidade correspondelle á razón, non aos sentidos, cuas informacións (cor, olor, sabor, etc.) non son medibeis. Deste xeito, establécese a distinción entre as cualidades primarias e as secundarias das substancias corpóreas.